



Interurbano + Accesible

Empresa Cuiña e Autocares Rías Baixas presentan 3 novos autobuses para o Concello de Pontevedra

Autocares Rías Baixas e **Empresa Cuiña** seguen apostando un ano mais pola mobilidade sostible e o transporte público en autobús. Durante este mes de Setembro desenvolverán diferentes actividades para celebrar a **Semana Europea de Mobilidade 2015**.

A primeira acción será a presentación de **3 novos autocares** de tipo interurbano, **totalmente accesibles para as persoas de mobilidade reducida** e que cumpren coas últimas normativas de protección do medio ambiente, gracias os seus **motores Euro VI**.

Os autobuses dedicaranse a prestar os **servizos regulares de viaxeiros** que ambas empresas realizan entre Pontevedra e diversos concellos da comarca. **Empresa Cuiña** presta os servizos entre Pontevedra, Lárez, Xeve e Campolameiro e entre Pontevedra, San Caetano, A Devesa, Meis, Ribadumia e Cambados. **Autocares Rías Baixas** realiza os servizos entre Pontevedra e Salcedo, Pontevedra e O Castelo, Pontevedra e A Caeira así como entre Pontevedra e o Barrio de Monteporreiro.

Os novos vehículos presentados son da marca **Iveco**, modelo **Crossway**, destacando polo seu **alto grado de accesibilidade para tódolos colectivos sociais** e a importante **redución na emisión de gases** gracias aos seus motores EURO VI. As súas principais innovacións son:

- ▶ **Motor Cursor 9 EURO VI** de 360 CV (que cumpre a normativa de emisión de partículas Euro6, garantindo unha conversión dos NOx por encima do 95 %).
- ▶ **55 prazas de asento e 32 prazas de pe**, 4 prazas están reservadas para persoas con **discapacidade** e unha praza para persoas en **cadeira de rodas** con táboa de apoio tapizada e cinto de seguridade
- ▶ Suspensión neumática integral con sensores de auto nivelación. Dispositivo de arrodillamiento "kneeling", para **facilitarlles o acceso aos viaxeiros**.
- ▶ Freos de disco nas catro rodas con **sistemas de seguridade ABS** (sistema antibloqueo de freos), EBS (sistema de control electrónico de freado), ASR (sistema de control de tracción), ESP (sistema de control de estabilidade), FIPO (bloqueo do vehículo coas portas abertas).
- ▶ **Avisador acústico e Cámara** de seguridade de marcha atrás.
- ▶ **Rampla automática** abatible con **pulsadores en braille**, exteriores e interiores, adaptados para o acceso de persoas en cadeira de rodas e persoas invidentes.
- ▶ **Letreiros electrónicos en versión LEDS** para información das liñas e paradas os viaxeiros.
- ▶ Sistemas de seguridade nas portas de acceso dos viaxeiros con **protección antiaprisionamento** o abrir e cerrar as portas.
- ▶ **Sistemas de climatización** con aire acondicionado e calefacción con dobre acristalamento para aumentar o confort dos viaxeiros.



SEM 2015

Actividades a realizar dentro da Semana Europea da Mobilidade 2015

Autocares Rias Baixas e **Empresa Cuiña** son empresas familiares con instalacións no concello de Pontevedra, que perseguen con esta renovación de flota dar un paso máis no seu continuo esforzo por **primar a calidade e a innovación nos servizos de transporte de viaxeiros**. Con esta **inversión que supera os 650.000 €** queren amosar a súa aposta por un servizo público esencial, que sustenta a mobilidade e a calidade de vida dos cidadáns.

A pesar da difícil situación económica dos últimos anos e a baixa ocupación e rendibilidade dos servizos de transporte regular de viaxeiros, cremos firmemente que **o futuro das vilas e cidades modernas está vencellado a dispor dun bo sistema de transporte público colectivo en autobús e de facilitar o acceso ao mesmo de tódolos colectivos sociais**, e especialmente os máis desfavorecidos.

Ademais da presentación destes autobuses accesibles, levaranse a cabo outras accións durante a **Semana Europea da Mobilidade** que se celebra **do 16 ao 22 de Setembro**. Son unha serie de iniciativas destinadas a concienciar a todos os cidadáns, das vantaxes que ofrece dispor dun transporte público de calidade:

- ▶ O día **15 de Setembro** comenza o **concurso de ideas e iniciativas** para mellorar a mobilidade nas nosas cidades, con premios para os usuarios de autobús de bonos de transporte de ata 2 meses gratis.
- ▶ O día **18 de Setembro** será o día do **2x1**, no que todos os viaxeiros que dispoñan da tarxeta moedeiro de Autocares Rias Baixas poderán invitar a outro viaxeiro a utilizar o autobús de forma gratuíta.
- ▶ O día **22 de Setembro** (o día sen coches) todos os posuidores da tarxeta moedeiro de Autocares Rías Baixas poderán viaxar en todas as nosas liñas **totalmente de balde**.
- ▶ Instalaranse durante estas datas nos autobuses carteis conmemorativos da Semana Europea da Mobilidade.



Igrexa 38 Salcedo - 36143 Pontevedra
Tlf: 986 840 591 / autocarescuiña@autocarescuiña.com
www.autocarescuiña.com



Roxos 145, Santiago de Compostela - 15896 - A Coruña
Tlf: 981 537 222 / arbs@autocaresriasbaixas.com
www.autocaresriasbaixas.com